
Plan de Orientación

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

I.E.S. Xograr Afonso Gómez de Sarria

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN

II. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

III. ANÁLISE DE NECESIDADES

IV. OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

V. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

VI. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

VII. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

VIII. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IX. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

X. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

XI. AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

XII. MARCO LEXISLATIVO

Anexo. Plan de Intervención Profesorado Especialista en Pedagogía Terapéutica

I. INTRODUCCIÓN

A orientación é un compoñente fundamental da educación e enténdese como un proceso de axuda que facilita o desenvolvemento integral do alumnado no eido escolar, familiar e profesional, de xeito global e continuado. Inclúe a toda a comunidade educativa, comezando no momento da escolarización do alumnado e rematando ao final da mesma.

Coa Lei Orgánica 1/1990, de 3 de Outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, a orientación educativa e profesional pasa a ocupar un posto de relevancia na educación do alumnado. Dita relevancia continúa vixente na lexislación actual (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 3/2020, de 29 de Decembro, que a modifica (LOMLOE)) que establece a orientación educativa e profesional do alumnado como un dos principios do sistema educativo no seu artigo 1 e como un dos factores que favorecen a calidade do ensino (art. 2.2).

A estrutura da orientación educativa en Galicia desenvólvese en tres niveis:

- a) Acción Titorial, primeiro nivel de actuación e o máis importante pola súa proximidade ao alumnado, desenvolto polo profesorado titor e pola totalidade do profesorado (art. 91 da LOMLOE).
- b) Departamento de Orientación (D.O.), segundo nivel de actuación, responsable de coordinar as actividades orientadoras que se desenvolven no centro e actuacións máis específicas cando fose necesario.
- c) Equipos de Orientación Específicos (E.O.E.), terceiro nivel, de carácter externo e especializado, subsidiario dos dous anteriores.

O fin último da orientación é favorecer o desenvolvemento integral do alumnado facendo efectivos os principios de equidade, inclusión educativa, igualdade de dereitos e oportunidades e accesibilidade universal.

Na nosa comunidade autónoma a orientación educativa e profesional está regulada polo Decreto 120/1998 de ordenación da orientación educativa e profesional en Galicia e pola Orde do 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada no Decreto 120/1998. Ademais a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitiu a Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as accións e establecer as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na nosa comunidade autónoma.

Debemos citar tamén, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve dito Decreto.

Son estes documentos os referentes legais a través dos cales se desenvolverá o plan de traballo do Departamento de Orientación no I.E.S. Xograr Afonso Gómez para o curso 2022-23, que se concreta no presente Plan de Orientación que formará parta de Programación Xeral Anual (PXA) contribuíndo a desenvolver os obxectivos establecidos nela.

II. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

A. CARACTERÍSTICAS DO IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA.

Situación

O Centro atópase situado no núcleo urbano da capital do concello de Sarria; é cabeceira da comarca do mesmo nome formada polos concellos de Sarria, Láncara, O Incio, Páramo, Paradela, Samos e Triacastela, e sitúase 31 kms. ao sur de Lugo.

Centros adscritos

- CEIP Frei Luís de Granada (Sarria).
- CEIP Eduardo Cela Vila (Triacastela).
- CEIP Ricardo Gasset (O Incio).
- CEIP de Samos.

A oferta formativa do centro para o curso 2022-2023 é a seguinte:

- **Educación Secundaria Obrigatoria**
- **Bacharelato**
 - Modalidade Ciencias
 - Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais.
- **Ciclo Formativo de Grao Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia**

A.1. Alumnado.

A maior parte do alumnado procede do mesmo concello de Sarria e o resto procede dos CEIP limítrofes adscritos ao noso centro (Samos, O Incio e Triacastela); e algún alumno/a do concello de Láncara. En torno a un 40% do alumnado vive en zonas rurais e fai uso do transporte escolar, mentres que o restante 60% vive no núcleo urbano da vila de Sarria.

A lingua vehicular e materna do centro é a Lingua Galega. Entre o alumnado escolarizado no IES Xograr Afonso Gómez, hai un número mínimo de alumnas e alumnos que non teñen ningún coñecemento da lingua galega pola súa recente incorporación a nosa comunidade autónoma.

Por último nesta caracterización xeral do alumnado, cómpre destacar que o alumnado dos núcleos rurais, ademais do tempo diario que adica a facer o traxecto do fogar ó instituto, en moitas ocasións teñen que colaborar nas tarefas agrícolas e gandeiras.

O número de alumnado escolarizado durante o presente curso é o seguinte:

ESO	1º Curso	65
	2º Curso	45
	3º Curso	52
	4º Curso	57
BACHARELATO	1º Curso	59
	2º Curso	44
CFGM ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	1º Curso	10
	2º Curso	9
TOTAL		341

O criterio xeral de agrupamento do alumnado obedece as necesidades educativas do alumnado e de organización do centro (incorporación a Agrupamentos Específicos, Reforzo Educativo, Apoio Educativo, Adaptacións Curriculares, situacións especiais,...) e vese tamén condicionado pola elección de materias optativas.

Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo no curso actual

E.S.O.	por NEE derivadas de discapacidade intelectual	1
	por NEE derivadas de dificultades físico-motoras	1
	por NEE derivadas de dificultades sensoriais	0
	por NEE derivadas de trastornos graves de conduta	0
	por trastorno de espectro autista	2
	por dificultades específicas de aprendizaxe	30
	por altas capacidades	0
	por TDAH	4
	por incorporación tardía ó sistema educativo	5
	por condicións persoais ou de historia escolar	17
	De entre este alumnado, 4 teñen ACI, 7 cursan un PDC	
Bacharelato	por altas capacidades	2
C.M. Atención a persoas en situación de dependencia		

Problemas sociais destacados:

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas socio-educativos.

Outras características

Poboación inmigrante: porcentaxe en torno ao 10-15%, en termos xerais ben integrado.

A.2. EQUIPO DOCENTE.

O equipo docente está integrado este curso académico por 45 profesoras e profesores, a maioría con destino definitivo no centro, aínda que no curso actual se incorpora novo profesorado ao centro, o cal condiciona a importancia da colaboración e coordinación durante o curso académico para garantir unha liña

educativa e pedagóxica común.

A.3. PROXECTOS EDUCATIVOS.

O centro adaptou o seu Proxecto Educativo de Centro á nova lexislación. Tamén conta cun Regulamento de Réxime Interior.

Polo que fai referencia aos aspectos máis relacionados coas actividades do Departamento de Orientación e coa atención á diversidade son destacables os seguintes aspectos:

- Existe un Plan de Acción Titorial, elaborado e aprobado no curso 2017-18.
- Existe un Plan de Orientación Académica e Profesional.
- Existe un Plan Xeral de Atención á Diversidade, elaborado e aprobado no curso 2016-17.

B. DEPARTAMENTO DE ORIENTACION.

O D.O. do I.E.S. Xograr Afonso Gómez, só conta como ámbito de actuación o propio centro.

Agora ben, a pesar disto, existirá unha relación estreita entre este e os Departamentos de Orientación do resto de centros (CEIP, IES, CPR) da vila de Sarria, co fin de garantir unha boa transición entre a Educación Primaria e a Secundaria Obrigatoria, e entre a ESO e o Bacharelato

Composición do Departamento de Orientación.

No presente curso 2022-2023 o Departamento de Orientación estará composto por:

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Jose Regueiro García, xefe do Departamento de Orientación
Elena Pensado Paz, profesora especialista en Pedagogía Terapéutica
Laura García Lage, titora de 3º PDC (ámbito científico-tecnolóxico)
Iria Gómez Álvarez, titora de 1º da ESO

A reunión do Departamento de Orientación terá un carácter mínimo mensual, establecéndose como día de celebración os martes de 11.35 horas a 12.00 horas, previa convocatoria do Xefe de Departamento. Ademais desta reunión de carácter mensual celebraranse todas as reunións dos membros do Departamento de Orientación que se consideren necesarias seguindo o mesmo procedemento de convocatoria previa, así como reunións semanais coa profesora especialista en Pedagogía Terapéutica. Deixarase constancia dos aspectos tratados e acordos acadados nas reunións celebradas no Libro de Actas mensualmente.

Asimesmo, e tendo en conta que gran parte da nosa actuación se desenvolverá mediante a participación en diversas estruturas organizativas do Centro, desenvolveremos a nosa actuación mediante a participación nas seguintes estruturas:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Xuntas de avaliación.
- Equipo directivo.
- Reunións de coordinación con titores/as.
- Todas as reunións necesarias para atender as necesidades que xurdan na atención aos diferentes

sectores da Comunidade Educativa.

Horarios de atención:

- Alumnado: o alumnado será atendido nos leceres lectivos establecidos no horario do orientador, así como calquera outro día e hora previa solicitude.
- Nais e pais: Martes de 12.50 h a 13.40 h. Así como en calquera outro momento con cita previa.

III. ANÁLISE DE NECESIDADES.

Tendo en conta as características do centro, do alumnado e do profesorado cómpre establecer unha análise de necesidades que determinarán os obxectivos xerais.

Para coñecer as necesidades do centro referentes á orientación analizáronse os documentos xerais do centro, o Plan de Orientación do curso pasado e a memoria do Departamento de Orientación, as actas das reunións do Departamento e da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o funcionamento das medidas de atención á diversidade do curso pasado, os diferentes informes previos dos alumnos/as e leváronse a cabo entrevistas co profesorado, coas titoras e titores do centro e co equipo directivo para coñecer as características do alumnado e o funcionamento do centro en xeral.

Polo que respecta ás necesidades educativas do alumnado que presenta máis dificultades co resto dos seus compañeiros para acadar os obxectivos e competencias establecidas, as fontes de información empregadas para determinar cales son esas alumnas e alumnos son os informes individualizados de avaliación final feitos polas titoras e titores, informes final de etapa, informes de medidas de reforzo educativo e os datos que constan nos ficheiros do Departamento de Orientación e os procedentes da avaliación inicial.

A nivel xenérico, as necesidades máis importantes detectadas son:

A) CON RESPECTO AO ALUMNADO:

- Necesidade de apoio psicopedagóxico por parte do profesorado, titor/a e Departamento de Orientación ao alumnado con algún problema (persoal, familiar, social, ...) que repercute no ámbito educativo (desenvolvemento da clase, convivencia na aula, ...).
- Necesidade de valoración psicopedagóxica do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Necesidade de elaboración de Adaptación Curriculares Individualizadas.
- Necesidade de orientación académica e profesional axeitada, destinada tanto ao alumnado que vai acadando os obxectivos e competencias clave dos diferentes niveis educativos como de aquel outro no que se observan dificultades para poder acadar o título de graduado en ESO, Bacharelato ou Ciclo Formativo.
- Necesidade de fomentar a convivencia do alumnado: habilidades sociais e de comunicación, a integración e non discriminación, a igualdade de xénero, a solución de conflitos, sensibilización sobre o acoso escolar.
- Necesidade de promover a Educación para a Saúde do alumno, especialmente na prevención do consumo de sustancia psicoactivas e na educación afectivo-sexual.
- Necesidade de mellorar a competencia dixital do alumnado para un uso seguro de internet.
- Necesidade de mellorar a competencia de aprender a aprender.
- Necesidade de atención personalizada ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e/ou problemas de interacción social.

- Necesidade de “acoller” o alumnado que inicie a súa escolarización no sistema educativo español no noso centro e fomentar a súa integración socio-cultural.
- Necesidade de dotar ao alumnado de competencias que fomenten os procesos de auto-orientación para unha toma de decisións vocacionais axeitada.

B) CON RESPECTO AO PROFESORADO:

- Colaboración e asesoramento ao profesorado nos aspectos pedagóxicos e organizativos do centro.
- Necesidade de asesoramento ao profesorado á hora de tratar ao alumnado que encontra barreiras para a aprendizaxe e/ou a participación, prestando unha especial atención aquelas que teñen que ver coas relacións sociais e o desenvolvemento afectivo.
- Necesidade de asesoramento en medidas de atención á diversidade.
- Necesidade de colaboración no desenvolvemento de medidas educativas necesarias para dar resposta as necesidades educativas do alumnado procedente do estranxeiro.

C) CON RESPECTO AS FAMILIAS:

- Necesidade de mellorar a colaboración, implicación e participacións das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Necesidade de asesoramento específico as familias de alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Necesidade de apoio e asesoramento ao alumnado e as familias para afrontar os momentos escolares de maior dificultade e indecisión.
- Necesidade de informar, orientar as familias tanto no que se refire ó desenvolvemento do/as alumnos/as, como nas saídas académicas das súas fillas e fillos ao rematar as diferentes etapas educativas.
- Necesidade de informar as familias do alumnado procedente do estranxeiro sobre as características do noso sistema educativo.

D) CON RESPECTO AO CONTEXTO:

- Necesidade de establecemento de canles fluídas de colaboración cos axentes sociais do Concello e outras institucións locais e/ou provinciais.

Convén sinalar que aínda que se fixo unha análise xenérica do contexto e detectáronse unha serie de necesidades, ao longo do curso irán xurdindo outras, e todas elas será necesario analízalas máis detidamente e en maior profundidade para poder dar a resposta educativa máis axustada posible; polo cal o presente Plan de Orientación ten un carácter flexible e aberto a novas necesidades.

IV. OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O plan de orientación abrangue no seu plano de actuación a todos os compoñentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias. Tendo en conta ademais o cometido da función orientadora, as características do noso centro e a análise de necesidades realizada, establecemos como **obxectivos xerais** para o curso 202-2023 os seguintes:

- Colaborar e asesorar ao centro en cuestións organizativas e pedagóxicas.
- Valorar as necesidades específicas de apoio educativo das alumnas e alumnos, especialmente do alumnado de novo ingreso.
- Diseñar e desenvolver accións encamiñadas a detección e prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Coordinar e dinamizar a acción tutorial a través da posta en práctica do plan de acción tutorial, así como asesorar ao profesorado na súa implementación.
- Coordinar e dinamizar a orientación académica e profesional do alumnado para garantir a súa madurez vocacional e unha axeitada toma de decisións académico-vocacionais.
- Asesoramento individualizado aos alumnos que estean en momentos importantes do seu desenvolvemento persoal.
- Colaborar e asesorar ao profesorado, nos casos que sexa necesario, en cuestións pedagóxicas.
- Fomentar a coordinación centro-familias.
- Asesorar e colaborar cos centros adscritos nas necesidades que se presenten.
- Establecer canles de colaboración cos servizos e recursos que ofrezca o Concello e outras institucións locais e/ou provinciais.

V. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

A. OBXECTIVOS REFERIDOS AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- Promover e facilitar reunións periódicas co profesorado e titoras e titores.
- Apoiar e asesorar ao profesorado na posta en práctica do Plan de Acción Titorial (PAT), do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e do Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP), así como no seguimento, avaliación e revisións dos mesmos.
- Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación no ámbito da orientación e asesoramento.
- Colaborar na revisión e actualización da documentación do Centro e noutros proxectos específicos do Centro que se puideran desenvolver.

B. OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO.

- Detectar de forma temperá as necesidades educativas do alumnado e participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa vixente.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade de carácter organizativo e curricular.
- Ofrecer ao alumnado orientación, apoio e asesoramento para que adquiren as habilidades e estratexias necesarias para enfrontarse con éxito aos momentos escolares máis críticos e decisivos: ingreso no centro, elección de optativas e itinerarios formativos e a resolución de conflitos persoais e interpersoais.
- Ofrecer orientación e información sobre as posibilidades formativas, profesionais e de autoemprego ó termo das distintas etapas educativas.
- Adecuar as medidas de atención á diversidade ás necesidades do alumnado.
- Sensibilizar e fomentar no alumnado hábitos de tolerancia, respecto polos demais, respecto as diferenzas, cumprimento de normas e, en xeral, todo o relacionado coa convivencia.
- Fomentar a aprendizaxe e consolidación habilidades sociais que permitan ó alumnado ter unha relación fluída e satisfactoria co entorno.
- Potenciar no alumnado o auto-coñecemento para que a toma de decisións de carácter vocacional sexa responsable, autónoma e reflexiva.
- Prever dificultades de aprendizaxe e favorecer o desenvolvemento de técnicas e hábitos de estudo necesarios para un adecuado proceso educativo.
- Facilitar a integración do alumnado procedente do estranxeiro e de todos aqueles alumnos de nova incorporación ó centro educativo.

C. OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO.

- Colaborar no proceso de seguimento e avaliación do PE, PXAD, POAP e PAT.
- Asesorar ao profesorado no desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, programas de apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe, adaptacións curriculares e reforzo educativo.
- Colaborar no asesoramento dos itinerarios formativos e/ou de inserción laboral do

alumnado.

- Potenciar e dinamizar a acción titorial facilitando recursos e materiais para o seu adecuado desenvolvemento.
- Asesorar ao profesorado e colaborar co profesorado titor na elaboración do consello orientador.

D. OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIA E Á COMUNIDADE.

- Promover a cooperación entre o centro escolar e as familias, en todos os aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- Orientar ás familias no tratamento de aspectos básicos para a atención e mellora de aquel alumnado que presenten necesidades específicas de apoio educativo e/ou outro tipo de dificultades.
 - Potenciar a colaboración das familias no proceso de ensino e aprendizaxe.
 - Establecer vínculos de colaboración entre o centro, o Departamento de Orientación e as familias co fin de buscar solucións as necesidades educativas das súas fillas e fillos, traballando todos nunha mesma liña educativa.
- Cooperar cos membros da comunidade educativa e doutras institucións: inspección, Equipo de Orientación Específico, outros centros e orientadores/as, servizos sociais, axentes de orientación laboral.
- Manter canles de comunicación e cooperación coas universidades galegas, mellorando así o tránsito do noso alumnado ao sistema universitario.

VI. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.

A acción orientadora ten un carácter continuo e global debendo abranguer todas as parcelas da vida escolar do alumnado (formación académica, desenvolvemento psico-social e madurez vocacional). Para conseguilo é fundamental a implicación de toda a comunidade educativa e ter en conta as directrices establecidas na Circular nº 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na CC.AA. de Galicia, e o establecido no Decreto 120/1998, na Orde do 24 de xullo de 1998, e no Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, así como na Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

Para o curso 2022-2023, en función das necesidades detectadas e tendo as nosas posibilidades, adaptamos ao noso contexto as liñas prioritarias sinaladas na Circular 10/2010, tendo en conta tamén as propostas da Comisión de Coordinación Pedagóxica, establécense as seguintes accións prioritarias:

1. Prestar apoio e colaboración ás actuacións relacionadas coa inclusión e a atención a diversidade:

- Asesoramento ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Elaboración e posta en práctica de programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Facilitar o axuste das propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno/a, con intervencións inclusivas e orientadas polo seu potencial de aprendizaxe.
- Asesoramento ao profesorado sobre as medidas de atención a diversidade que incorpora a LOMLOE, así como as recollidas no Decreto 229/2011 e na Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, así como as establecidas na Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso 2022-23.
- Asesoramento ós departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Asesoramento ao conxunto da comunidade educativa da ESO sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre as aulas de atención educativa e convivencia e sobre os programas de

habilidades sociais establecidos na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011.

2) Potenciación das titorías, a través das reunións celebradas coas titoras e titores dos distintos grupos de ESO, coordinando a súa labor e proporcionándolles recursos que lles faciliten o desenvolvemento das súas funcións. Prestando unha especial atención a potenciación da convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, a coeducación e a educación emocional e a situación psico-emocional.

- Asesoramento á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

3) Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Posta en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesoramento á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento do centro.
- Promover accións destinadas a promoción da coeducación e a intelixencia emocional.

4) Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

5) Facilitar soporte e colaboración naqueles aspectos e requirimentos legais relacionados coa orientación: consello orientador, información e orientación profesional, opcións ó finaliza-la escolaridade obrigatoria, medidas de atención á diversidade,...

6) Vinculadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais:

- Favorecer o tránsito dunha etapa educativa a outra (alumnado de 6º Primaria, 4º ESO e 2º Bacharelato) ou ben a incorporación a vida activa. Deste xeito poderemos guiar ou asesorar o alumnado nos distintos itinerarios formativos, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de búsqueda de emprego.
- Informar ao profesorado, ao alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o auto-emplego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.
- Asesoramento sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral, prestando especial atención ás persoas adultas.
- Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora no alumnado do centro, así como favorecerlle o coñecemento e utilización das ferramentas dispoñibles en materia de emprendemento.

7) Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

8) Fomentar a implicación das familias na tarefa educativa, especialmente das familias de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, informando, asesorando e solicitando xunto coa titora ou titor a súa colaboración para que os reforzos teñan continuidade no fogar.

Tamén se prestará unha especial atención ás familias do alumnado de recente incorporación ó centro, para así facilitar a súa integración e participación nas diversas actividades propostas, e aqueles que vaian finalizar unha etapa educativa (ESO ou Bacharelato).

9) Relacionadas coa coordinación dos D.O.:

- Establecemento de mecanismos sistemáticos de coordinación entre os responsables da orientación nos C.E.I.P adscritos e o xefe do D.O. de secundaria.
- Promoción da coordinación entre o xefe do D.O. e os servizos de orientación da zona para favorecer o desenvolvemento e a integración laboral do alumnado.

10) Relacionadas co drdorienta: facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda nesta aplicación informática.

A actividade do Departamento de Orientación para acadar os obxectivos propostos desenvólvese en tres ámbitos de actuación:

- Acción Titorial
- Atención á diversidade
- Orientación Académica e Profesional

Ditos plans ou programas de actuación deben concretarse anualmente para axustar a intervención as necesidades detectadas polo que a continuación detallamos as intervencións a realizar en cada un destes ámbitos.

VIII. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT).

Tal como se recolle no art. 91 da LOE a acción titorial é entendida como parte inherente a función docente de todo o profesorado. Isto significa que debe ser unha responsabilidade compartida por todo o equipo educativo, xa que en definitiva a finalidade última da acción titorial é conseguir o desenvolvemento integral do alumnado, respondendo aos distintos intereses e necesidades que este presenta. Así pois, a LOE-LOMLOE recolle entre as funcións do profesorado as seguintes:

a) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.

b) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.

Aínda que a función titorial deba ser asumida e compartida por todo o equipo docente, existe unha figura na cal se especializan as responsabilidades titoriais que é a figura do profesorado-titor. O profesorado titor, a través do Plan de Acción Titorial (PAT), constituirase no eixo de articulación das relacións educativas no centro escolar, tendo en conta que a responsabilidade de planificar estas accións corresponde a todo o centro escolar, a través dos órganos de coordinación docente. As funcións do profesorado titor recollidas no Regulamento Orgánico dos IES (Decreto 324/1996 e Orde do 1 de agosto de 1997) abranguen ata 22 funcións distintas que podemos agrupar nas seguintes categorías:

- Funcións relacionadas co seguimento e apoio dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Funcións de dinamización e integración grupal.
- Función de coordinación do equipo de profesores que imparte clase ao grupo.
- Funcións de mediación e coordinación entre a familia e o equipo docente.
- Funcións burocráticas respecto do grupo: control das faltas de asistencia, cubrir os expedientes, boletíns,...
- Funcións de orientación persoal e vocacional do alumnado.

Asimismo a acción titorial contará co apoio da Xefatura de Estudos, que entre as funcións que recolle o Decreto 324/1996 encóntranse as de coordinar o traballo dos/as tutores/as e manter as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial, e co colaboración do Departamento de Orientación, que coordinará ao profesorado e ofreceralle soporte técnico para o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial (segundo recolle o Decreto 120/1998).

No curso 2017-2018 elaborouse un novo Plan de Acción Titorial, para dar resposta a unha nova serie de necesidades non incluídas no Plan de Acción Titorial anterior, o cal, en función de ditas necesidades e da avaliación do resultados das actividades realizadas no curso anterior recollidas na Memoria do Plan de Orientación do curso 2021-2022, precisa dunha concreción anual para o actual curso académico.

A concreción do Plan de Acción Titorial para o curso 2022-2023 basease na seguinte detección de necesidades:

- Necesidade de optimizar os procesos de acollida de todo o alumnado de nova incorporación.
- Necesidade de vixiar e promover o benestar emocional derivada da situación de pandemia vivida nos cursos anteriores.
- Necesidade de mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Necesidade de educar na igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Necesidade de establecer actuacións que preveñan o acoso escolar.
- Necesidade de realizar actuacións que promovan os hábitos de vida saudable e a prevención de consumo de sustancias psicoactivas.
- Necesidade de mellorar a educación afectivo-sexual do alumnado.
- Necesidade de sensibilizar sobre os riscos de internet e un uso responsable e seguro das novas tecnoloxías.
- Necesidade de fomentar a solidariedade e eliminar os prexuízos e discriminacións de tódalas índoles.
- Necesidade de realizar unha orientación académica e profesional que promova unha toma de decisións óptima.

A. OBXECTIVOS XERAIS

- Favorecer o desenvolvemento psicosocial e integral do alumnado e o seu benestar emocional.
- Optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar a integración do alumnado na súa clase e na dinámica do centro.
- Favorecer e apoiar os procesos de toma de decisións académicas e profesionais do alumnado.
- Promover a mellora da convivencia no centro.
- Informar e asesorar ás familias.

B. ACTIVIDADES E PROGRAMAS.

A concreción do Plan de Acción Titorial para o curso 2022-2023 abranguerá os seguintes programas e/ou conxuntos de actividades que se indican a continuación, a desenvolver na hora de tutoría lectiva da ESO ou mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares. No caso das ensinanzas de Bacharelato e de Formación Profesional ao non contar cun horario semanal establecido ao efecto o Plan de Acción Titorial desenvolverase mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares.

B.1. Programa de acollida.

As actividades de acollida desenvolverase con especial incidencia co alumnado de 1º curso da ESO e tamén co alumnado do 1º de Bacharelato e do 1º curso do Ciclo Formativo.

No inicio de curso o profesorado tutor realizará as seguintes actividades co alumnado do seu grupo-clase:

- Informar sobre normas de organización e funcionamento do centro, horario, calendario escolar.
- Actividades de presentación.
- Visita ás instalacións do centro.

- Actividades de dinámicas grupais e de coñecemento do grupo.
- Coñecemento dos criterios de avaliación, promoción e titulación derivados da LOMLOE.
- Elaboración das normas de grupo.
- Funcións e elección do delegado. Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).

As familias do alumnado de nova incorporación serán recibidas ao previo inicio de curso polo Equipo Directivo nunha sesión grupal na que se lles explicarán as normas de organización e funcionamento, horarios escolares e outros aspectos organizativos de interese.

Co alumnado que se incorpore ao longo do curso os procesos de acollida serán desenvolto polo profesorado titor en colaboración co Departamento de Orientación. As actuacións de acollida con este alumnado incluirán as seguintes actuacións específicas en función das súas características:

- Co alumnado: avaliación do nivel de competencia curricular, determinación das medidas de atención á diversidade (se fosen necesarias), informacións sobre as normas de organización e funcionamento, horarios, instalacións e servizos do centro, informacións sobre as características da etapa, designación de alumnado titor e/ou axudante,...
- Coas familias: recollida de información previa, información sobre o sistema educativo, procesos de matriculación, normas e organización do centro, horarios, servizos complementarios, horarios de atención a familias, sistemas de comunicación, materiais escolares,... e calquera outro aspecto no que precisen información ou asesoramento.

Entre as actividades de acollida destacar que co alumnado candidato a incorporarse ao centro no próximo curso educativo (alumnado de 6º curso de E. Primaria dos CEIPs adscritos e alumnado de 4º ESO dos centros limítrofes que non ofertan bacharelato) realizarase unha visita previa ao centro no mes de febreiro.

B.2. Programa de habilidades sociais:

Dito programa implementarase en tódolos cursos de ESO ao longo dos tres trimestres e terá como recurso principal os materiais do Banco de Ferramentas do Programa Educación Responsable; concretarase nos seguintes bloques de contidos:

- Bloque I. Desenvolvemento afectivo: autoestima, empatía, identificación e expresión emocional.
- Bloque II. Desenvolvemento cognitivo: toma de decisións e valores universais.
- Bloque III. Desenvolvemento social: Habilidades de comunicación – habilidades asertivas.

Terá especial relevancia nos cursos de 1º e 2º curso da ESO nos cales se desenvolveran actividades complementarias que potencien os obxectivos do programa.

B.3. Programa de Orientación Académica e Profesional.

Dito programa desenvolverase para o alumnado da ESO, Bacharelato e Formación Profesional. Detállanse a concreción anual dos seus contidos, actividades, temporalización, recursos e metodoloxía no presente Plan de Orientación no apartado X (Plan de Orientación Académica e Profesional).

B.4. Outras actividades:

- Actividades relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Actividades relacionadas coa promoción da Igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Actividades relacionadas coa Educación para a Saúde (Educación Afectivo-Sexual, Prevención consumo de alcohol e outras sustancias psicoactivas,...)
- Actividades relacionadas coa prevención do acoso escolar.
- Actividades relacionadas coa prevención de riscos en internet.
- Actividades relacionadas coa Educación en Valores.

C. TEMPORALIZACIÓN:

A temporalización da proposta de actividades e programas a desenvolver no horario de titoría lectiva na ESO será a seguinte:

CURSO 1º ESO.

MES	ACTIVIDADES
SETEMBRO	<p>ACOLLIDA E PRESENTACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades de presentación. ▪ Calendario, horarios, profesores. ▪ Normas do centro (N.O.F.) ▪ Instalacións <p>COÑECEMOS A ESO E O INSTITUTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos as características da etapa da ESO ▪ Coñecemos os criterios de avaliación, promoción e titulación na ESO ▪ Elaboración das normas de grupo ▪ Elección de delegado. Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar) <p>COÑECEMENTO DO GRUPO:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinámicas grupais <ul style="list-style-type: none"> - Actividades "Materiais prácticos para a creación de grupo na ESO"
OUTUBRO	<p>ORGANIZAMOS O ESTUDO NA CASA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lugar de estudo, horario de estudo, planificación. <ul style="list-style-type: none"> - Actividade "Que tal estudante eres?" - Actividade "Planificación do tempo de estudo" <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoestima: <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable "Porque yo lo valgo" - Actividade Educación Responsable "No lo necesitas"
NOVIEMBRE	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Empatía <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable "No te fallaré" - Actividade Educación Responsable "El valor de la amistad" <p>IGUALDADE DE XÉNERO</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prevención violencia de xénero (25 de novembro): <ul style="list-style-type: none"> - "Caperucita" - "Roles de género"
DECEMBRO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión emocional <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable "El valor de las palabras" - Actividade Educación Responsable "Dime la verdad"
XANEIRO	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. Planificación do estudo. <ul style="list-style-type: none"> - Ficha-actividade "Titoría Post-avaliación" <p>PREVENCIÓN ACOSO ESCOLAR</p>

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades prevención acoso escolar - Prevención acoso escolar 1º ESO
FEBREIRO	<p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autocontrol - Actividade Educación Responsable "El arrepentido" ▪ Toma de decisións - Actividade Educación Responsable: "Sueños" - Actividade Educación Responsable: "Un poco es mejor que nada" <p>PREVENCIÓN CONSUMO DE DROGAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prevención consumo de drogas 1º ESO
MARZO	<p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valores universais/participación social/actitudes cara a saúde - Actividade Educación Responsable: "El dilema" - Actividade Educación Responsable: "Una barra de pan para todo el planeta" <p>PREVENCIÓN CONSUMO DE DROGAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prevención consumo de drogas 1º ESO
ABRIL	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. <p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de comunicación - Actividade Educación Responsable: "Que bello es sonreir" - Actividade Educación Responsable: "Toma la iniciativa" ▪ Habilidades de autoafirmación - Actividade Educación Responsable: "Porque soy tu padre" - Actividade Educación Responsable: "Diferente y que"
MAIO	<p>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoconñecemento - Actividade "Soñando" ▪ Coñecemos as profesións - Actividade "Porque me gusta?" ▪ Coñecemos como é 2º ESO (materias e optativas) <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de oposición (comunicación asertiva) - Actividade Educación Responsable: "El coche abierto del profesor" - Actividade Educación Responsable: "Excusas a Teddy"
XUÑO	AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA

CURSO 2º ESO

MES	ACTIVIDADES
SETEMBRO	<p>ACOLLIDA E PRESENTACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades de presentación ▪ Calendario, horarios, profesores ▪ Normas do centro (N.O.F.) ▪ Instalacións <p>REPASAMOS A ORGANIZACIÓN DA ESO E O INSTITUTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos as características da etapa da ESO ▪ Repaso do sistema de avaliación, criterios de promoción e titulación na ESO. ▪ Elaboración das normas de grupo ▪ Elección de delegado. Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar) <p>COÑECEMENTO DO GRUPO:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinámicas grupais - Actividades "Materiais prácticos para a creación de grupo na ESO"

OUTUBRO	<p>ORGANIZAMOS O ESTUDO NA CASA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lugar de estudo, horario de estudo, planificación. - Actividade "Que tal estudante eres?" - Actividade "Planificación do tempo de estudo" <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoestima: - Actividade Educación Responsable: "Creer es poder" - Actividade Educación Responsable: "Amuletos"
NOVEMBRO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Empatía - Actividade Educación Responsable: "Sé que lo necesitas" - Actividade Educación Responsable: "Hablar sin palabras" <p>IGUALDADE DE XÉNERO</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prevención violencia de xénero (25 de novembro) - Violencia de género en la red (Programa Foro Nativos Digitales – Junta de Extremadura)
DECEMBRO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión emocional - Actividade Educación Responsable: "Hoy comparto contigo" - Actividade Educación Responsable: "Por favor que sea una A"
XANEIRO	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. Planificación do estudo. - Ficha-actividade "Titoría Post-avaliación" <p>PREVENCIÓN ACOSO ESCOLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades prevención acoso escolar - Actividade "Ciberbullying para Secundaria"
FEBREIRO	<p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autocontrol - Actividade Educación Responsable: "En perfecto equilibrio" ▪ Toma de decisións - Actividade Educación Responsable: "Indeciso" - Actividade Educación Responsable: "Seguro que vale algo" <p>RISCOS DE INTERNET:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Riscos de internet.
MARZO	<p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valores universais/participación social/ - Actividade Educación Responsable: "Mereces saber la verdad" ▪ Actitudes cara a saúde/actitudes cara as drogas - Actividade Educación Responsable: "Banalización de los riesgos" - Actividade Educación Responsable: "Oda a la normalidad"
ABRIL	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. <p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de comunicación - Actividade Educación Responsable: "Conversaciones incómodas" - Actividade Educación Responsable: "Padres e hijos" <p>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos as profesións (igualdade de xénero). - Actividade "Mi persona favorita" - Actividade "En que trabajan?" - Actividade "Como lo lograron?" - Actividade "Profesiones prohibidas" ▪ Coñecemos como é 3º da ESO
MAIO	<p>ORIENTACIÓN ACADEMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos como é 3º ESO (materias e optativas)

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións (elección de optativas) <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de autoafirmación <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Quiero ser tu" - Actividade Educación Responsable: "Quiero ser músico"
XUÑO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de oposición (comunicación asertiva) <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "El bullying" - Actividade Educación Responsable: "Piensa en ti" <p>AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA</p>

CURSO 3º ESO

MES	ACTIVIDADES
SETEMBRO	<p>ACOLLIDA E PRESENTACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades de presentación. Calendario, horarios, profesores. ▪ Normas do centro (N.O.F.). Instalacións. <p>REPASAMOS A ORGANIZACIÓN DA ESO E O INSTITUTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos as características da etapa da ESO ▪ Repaso do sistema de avaliación, criterios de promoción e titulación na ESO. ▪ Elaboración das normas de grupo ▪ Elección de delegado. Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).
OUTUBRO	<p>ORGANIZAMOS O ESTUDO NA CASA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades de planificación do estudo. <ul style="list-style-type: none"> - Actividade "Organización e planificación do estudo" - Actividade "Calendario de exames" <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoestima <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Tienes que intentarlo"
NOVEMBRO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Empatía <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Te cuento y no me escuchas" - Actividade Educación Responsable: "Te has enterado" - Actividade Educación Responsable: "Parece fácil ayudar" <p>IGUALDADE DE XÉNERO</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prevención violencia de xénero (25 de novembro) <ul style="list-style-type: none"> - Actividade "La escalera de la violencia" - Actividade "Mitos del amor romántico en la red" (Programa Foro Nativos Digitales – Junta de Extremadura)
DECEMBRO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión emocional <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Los chicos no lloran" <p>EDUCACIÓN AFECTIVO – SEXUAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Quérote+ <ul style="list-style-type: none"> - Actividade: "Presentación do recurso Quérote+"
XANEIRO	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. Planificación do estudo. <ul style="list-style-type: none"> - Ficha-actividade "Titoría Post-avaliación" <p>EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Quérote+: <ul style="list-style-type: none"> - Actividade: "A orientación do desexo e a identidade sexual"

	<p>PREVENCIÓN ACOSO ESCOLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades prevención acoso escolar
FEBREIRO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autocontrol <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Carrera de coches" ▪ Toma de decisións <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "La sopa tiene la respuesta" - Actividade Educación Responsable: "Una buena amiga" <p>EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Quérote+: <ul style="list-style-type: none"> - Actividade: "A relación dos sexos a través da tecnoloxía"
MARZO	<p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valores universais/participación social/ <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "La tierra se cura" ▪ Actitudes cara a saúde/actitudes cara as drogas <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Llevo mala vida" <p>EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Quérote+: <ul style="list-style-type: none"> - Actividade: "Cultivando habilidades"
ABRIL	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. <p>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos a Formación Profesional, Bacharelato, Universidade. ▪ Coñecemos 4º ESO.
MAIO	<p>ORIENTACIÓN ACADEMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións (elección de modalidade 4º ESO) <ul style="list-style-type: none"> -Actividade "Quiero ser" -Actividade "Yo decido" <p>EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Quérote+: <ul style="list-style-type: none"> - Actividade "Concepción aconcepción" <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de comunicación e autoafirmación. <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Un giro amistoso"
XUÑO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de comunicación e autoafirmación. <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Que me dices con el cuerpo" ▪ Habilidades de oposición (comunicación asertiva) <ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "Mi diario" <p>AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA</p>

CURSO 4º ESO

MES	ACTIVIDADES
SETEMBRO	<p>ACOLLIDA E PRESENTACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades de presentación. Calendario, horarios, profesores. ▪ Normas do centro (N.O.F.). Instalacións. <p>REPASAMOS A ORGANIZACIÓN DA ESO E O INSTITUTO:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Repaso do sistema de avaliación, criterios de promoción e titulación na ESO. ▪ Elaboración das normas de grupo ▪ Elección de delegado. Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar)
OUTUBRO	<p>ORGANIZAMOS O ESTUDO NA CASA:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades de planificación do estudo. <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoestima

	<ul style="list-style-type: none"> - Actividade Educación Responsable: "El número Pi" ▪ Empatía - Actividade Educación Responsable: "Derecho a la educación"
NOVEMBRO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión emocional - Actividade Educación Responsable: "Los cinco lenguajes del amor" <p>IGUALDADE DE XÉNERO</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prevención violencia de xénero (25 de novembro) - Ciberviolencia de xénero (Comisión Igualdade IES Politécnico Vigo) - Estereotipos y lenguaje sexista en la red (Programa Educativo Foro Nativos Digitales – Junta de Extremadura) - Test Violencia de Xénero
DECEMBRO	<p>EDUCACIÓN EN VALORES:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Solidariedade e discriminación - Actividade Educación Responsable: "Compromiso social. Tu también formas parte de esta lucha"
XANEIRO	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. Planificación do estudo. - Ficha-actividade "Titoría Post-avaliación" <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autocontrol - Actividade Educación Responsable: "Decisiones precipitadas" <p>PREVENCIÓN ACOSO ESCOLAR</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Actividades prevención acoso escolar - Película "Cobardes" – ficha didáctica
FEBREIRO	<p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións - Actividade Educación Responsable: "Hacerlo o no" - Actividade Educación Responsable: "Y tu que opinas" - Actividade Educación Responsable: "Piensa y actúa el cambio está en tus manos" <p>EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Trastornos conducta alimentaria.
MARZO	<p>HABILIDADES SOCIALES/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valores universais/participación social/actitudes cara a saúde. - Actividade Educación Responsable: "Estoy embarazada" ▪ Actitudes cara as drogas - Actividade Educación Responsable: "Elijo mi ocio" <p>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoconocemento.
ABRIL	<p>ANALISE RESULTADOS AVALIACIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación estudo e resultados. Compromisos de mellora. <p>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos a Formación Profesional. ▪ Coñecemos o Bacharelato e os graos universitarios.
MAIO	<p>ORIENTACIÓN ACADEMICA E PROFESIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións (elección estudos post-obligatarios) <p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de comunicación e autoafirmación. - Actividade Educación Responsable: "Esto es lo que soy" - Actividade Educación Responsable: "No a las etiquetas"
XUÑO	<p>HABILIDADES SOCIAIS/EDUCACIÓN EMOCIONAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Habilidades de oposición (comunicación asertiva) - Actividade Educación Responsable: "Conmigo o sin mi" <p>AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA</p>

--	--

Esta temporalización é flexible e baséase nunha proposta de actividades que poderán sufrir modificación e/ou incluír novos contidos en función da detección de novas necesidades.

D. METODOLOXÍA:

O desenvolvemento deste Plan realizarase dunha maneira flexible, priorizando sempre aquelas actuacións que permitan atender as necesidades máis inmediatas do alumnado e así favorecer e/ou manter un clima de clase que facilite o desenvolvemento da actividade educativa e a mellora da convivencia. Priorizaranse as metodoloxías activas nas que se fomente a interacción verbal e o traballo cooperativo entre o alumnado.

E. RECURSOS:

E.1. Recursos Materiais:

- Páxinas de Internet e blogs relacionados coa titoría e a orientación.
- Materiais do programa Educación Responsable (Banco de Ferramentas).
- Materiais do programa Quérote+ (Educación Afectivo-Sexual).
- Enquisas, cuestionarios, textos e vídeos seleccionados para traballar unha temática concreta.
- Materiais elaborados polo Departamento de Orientación e/ou polo profesorado titor.
- "Rompiendo esquemas. Programa de orientación académica y profesional" Instituto Asturiano da Muller.
- "Cuadernos de tutoría: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO". Grupo de orientadores de la provincia de Cádiz.
- "Materiales prácticos para la creación de grupo en la Educación Secundaria". M. Caño Delgado e I. Moscosí Gómez.
- Plan de Benestar Emocional. Proposta de Intervención. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

E.2. Recursos Persoais:

- Recursos persoais do centro: Departamento de Orientación, titoras e titores e equipo docente.
- Profesionais externos ao centro que colaboran na realización de actividades e/ou charlas (Servizos Sanitarios, Centro Municipal de Prevención de Drogodependencias Bordon Sarriao, Plan Director para a mellora da convivencia, Ktorce-18, Alicce, Centro Quérote, ...)

E.3. Recursos Organizativos:

- Sesión de titoría na E.S.O.
- Reunións de coordinación entre o orientador, titores/as e xefatura de estudos.
- Sesións de avaliación.

F. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Pretende determinar a efectividade do plan a través da información proporcionada polos participantes sobre o grao de consecución dos obxectivos propostos.

Serán criterios de avaliación do Plan:

- Adecuación do Plan ás necesidades prantexadas ao comezo;
- A consecución dos obxectivos establecidos;
- Grao de implicación dos diferentes axentes que interveñen;
- Grao de satisfacción dos destinatarios;
- Adecuación e funcionalidade dos recursos empregados;
- Adecuación dos contidos e distribución temporal;
- Adecuación da metodoloxía ás características contextuais;
- Grao de eficacia dos aspectos organizativos (horarios, periodicidade e contido das reunións...)

Esta avaliación terá tres momentos ben diferenciados:

- Avaliación inicial. Realizarase unha análise do grao de coñecemento e desenvolvemento dos diferentes temáticas para determinar o grao de incidencia a hora de traballar uns programas ou outros. Ditas necesidades serán traducidos en necesidades dende as que partir.
- Avaliación do proceso, onde é necesario que o plan conte con mecanismos de avaliación continua durante a implementación das actividades, permitindo modificacións de aquelas que resulten nalgunha medida inadecuadas. Este mecanismo consiste na valoración dos alumnos ó finalizar cada actividade, valoración da actividade por parte do/a titor/a e posta en común co orientador/a nas sesións de coordinación que se establezan.
- Avaliación final, para valorar os resultados obtidos polo plan coa finalidade de determinar se se debe continuar na mesma liña de traballo prantexada no plan, ampliálo ou modificalo.

Para elo, terase en conta a valoración final dos destinatarios do programa (alumnado, familias, profesorado), e dos responsables do seu deseño e execución (Equipo directivo, departamento de orientación, titores, profesorado).

Empregaranse coma instrumentos de avaliación, a entrevista, escalas de observación, a análise de tarefas do alumnado, enquisas e/ou cuestionarios elaborados para este fin.

En función dos resultados obtidos iranse modificando todos aqueles apartados que non sexan de utilidade, de tal forma que sexa un plan operativo e axeitado ao noso centro.

IX. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .

O Plan Xeral de Atención a Diversidade concretarase para cada curso académico, segundo art. 11.4 do Decreto 229/2011 polo que se regula a atención a diversidade na comunidade autónoma de Galicia, polo que no presente Plan de Orientación incluimos un resumo das medidas de atención a diversidade vixentes no centro no actual curso académico 2022-23.

A.XUSTIFICACIÓN.

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establécese a necesidade de elaborar o Plan de Atención á Diversidade como un documento no que se articula a atención á diversidade e onde se concretarán todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado, así como realizar unha concreción anual de dito plan para cada curso académico.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que dean resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado neste centro e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro a cal varía ao longo do tempo, polo cal é necesario adaptar esa atención a diversidade as características temporais e evolutivas do contexto e do alumnado.

Polo tanto, a concreción anual do Plan de atención á Diversidade é unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado ao longo dun curso académico; nel detállanse as medidas de atención a diversidade que inicialmente se van a poñer en marcha no centro para este curso académico en función dunha análise previa de necesidades, aínda que poderían ser outras se ditas necesidades variaran ao longo do curso.

Esta resposta educativa é responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa.

B. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: reunión co equipo docente do novo alumnado dos CEIPS adscritos, avaliación inicial, sesións de avaliación e

avaliacións psicopedagóxicas.

A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa do xeito máis temperá posible.

Ten especial relevancia a avaliación inicial a desenvolver nas primeiras semanas do curso na cal os equipos docentes avaliarán os coñecementos previos do alumnado de cada grupo e o Departamento de Orientación aportará información sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A información obtida será posta en común na sesión de avaliación inicial, establecida para o 29 de setembro, na cal se informará dos resultados de dito proceso de avaliación inicial. Nestas reunións as titoras e titores, o equipo docente do grupo e o Departamento de Orientación tomarán decisións con respecto ás mellores estratexias e recursos para atender as necesidades de aprendizaxe e/ou participación do grupo-clase ou de alumnas e alumnos en particular (adecuación dos tempos e instrumentos de avaliación e adaptacións metodolóxicas). En dita sesión realizaranse propostas sobre a adopción de determinadas medidas co alumnado que as precise tales como: reforzo educativo, agrupamentos flexibles, exención da 2ª lingua estranxeira, apoio educativo polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, adaptacións curriculares,... Tamén é o momento para solicitar ao Departamento de Orientación a valoración de problemáticas de aprendizaxe detectadas nese tempo polo equipo educativo, segundo procedemento establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

C. OBXECTIVOS

- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un elemento enriquecedor da comunidade educativa.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade o máximo desenvolvemento das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias clave e obxectivos educativos establecidos para cada etapa educativa.
- Establecer mecanismos de prevención e detección temperá de dificultades de aprendizaxe e integración do noso alumnado.
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta ás características e necesidades do alumnado.
- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumna ou alumno.
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Optimizar os recursos humanos do centro para mellorar a calidade e eficacia da educación.
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha axeitada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, Departamento de Orientación, familias e servizos externos ao centro.

- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo no que o apoio mutuo axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Impulsar a colaboración con outras institucións e asociacións.

D. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE SE DESENVOLVERAN NO CURSO 2022-2023.

No presente curso 2022-2023, logo do proceso de detección de necesidades e dunha análise das necesidades evidenciadas no centro e no contexto desenvolveranse, inicialmente, as seguintes medidas de atención a diversidade, aínda que se poderán ampliar a outras recollidas na lexislación vixente e no Plan Xeral de Atención á Diversidade se as circunstancias se modifican ou estas non se consideran suficientes ou axeitadas:

A. Medidas Ordinarias.

- ADECUACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO (HORARIOS, AGRUPAMENTOS, ESPACIOS) E DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA AS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.
Segundo o establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDACTICAS AO CONTORNO E AO ALUMNADO.
Segundo o establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Fomentaranse e promoveranse as METODOLOXÍAS BASEADAS NO TRABALLO COLABORATIVO EN GRUPOS HETEROXENEOS, TITORÍA ENTRE IGUAIS, APRENDIZAXE POR PROXECTOS E OUTRAS QUE PROMOVAN A INCLUSIÓN na práctica docente polos diferentes Departamentos Didácticos.
- ADAPTACIÓN DE TEMPOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (segundo o establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade).
- REFORZO EDUCATIVO, polo propio profesor de materia.
- PROGRAMA DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS en 1º nas materias de Lingua Castelá e Lingua Galega e 2º da ESO nas materias de Lingua Castelá e Lingua Galega (implica a exención de segunda lingua estranxeira e desenvolverase no horario lectivo de dita materia).
- PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES, deseñados polos diferentes Departamentos Didácticos.
- PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA ALUMNADO REPETIDOR, establecidos polos diferentes Departamentos Didácticos nas súas programacións.
- PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS, a desenvolver na sesión de titoría da ESO, con especial incidencia nos primeiros cursos da ESO.

D. Medidas Extraordinarias.

- ADAPTACIÓNS CURRICULARES, para alumnado con necesidades educativas especiais e/ou desfase curricular significativo que xustifiquen a aplicación dita medida extraordinaria (dous alumnos/as en 1º da ESO, un alumno en 2º da ESO e un alumno en 4º da ESO).
- AGRUPAMENTOS FLEXIBLES, establécense agrupamentos específicos nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas en 1º da ESO e en 2º da ESO.
- APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA, preferentemente para o alumnado con adaptacións curriculares.
- PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR en 3º curso da ESO con un total de 7 alumnos/as.

E.CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Segundo os criterios de organización dos apoios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade para o presente curso académico 2022-23 os apoios organízanse, inicialmente, da seguinte maneira:

- Apoio dentro da aula ordinaria pola profesora de Pedagogía Terapéutica:

Alumnado	Tipo de necesidades educativas	Horas semanais	Materias
1º ESO 2 alumno/as	Retraso madurativo Desfase curricular significativo + trastorno conductual	8 horas	Matemáticas Lingua Castelá Lingua Galega Xeografía e Historia Bioloxía e Xeoloxía
4º ESO 1 alumnos/as	TEA	2 horas	Educación Física TICs

- Apoio fora da aula ordinaria pola profesora de Pedagogía Terapéutica:

Alumnado	Tipo de necesidades educativas	Horas semanais	Materias
2º ESO	Discapacidade intelectual	8 horas	Matemáticas Lingua Castelá Lingua Galega Xeografía e Historia
4º ESO 2 alumnos/as	TEA Incorporación tardía ao sistema educativo (descoñecemento lingua instrucción)	7,5 horas 9 horas	Matemáticas Lingua Castelá Lingua Galega Xeografía e Historia Adquisición da lingua de instrucción.

F. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Os establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

G- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E EXTERNOS.

Os mecanismos de coordinación son os indicados no Plan Xeral de Atención á Diversidade e na organización e funcionamento do Departamento de Orientación cos diferentes membros da comunidade educativa. Realizaranse tamén reunións co profesorado titor, reunións semanais coa profesora especialista en Pedagogía Terapéutica, ademais das establecidas dentro da organización do propio Departamento de Orientación.

H. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU ATORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

O Departamento de Orientación conta con protocolos e documentos para a solicitude ao Servizo de Inspección Educativa das medidas extraordinarias e tamén para que as familias asinen o seu acordo ou desacordo cas mesmas, recollidos nos anexos do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

I. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informará sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte e realizará tamén unha avaliación da presente concreción anual da Atención a Diversidade e propostas de mellora, logo da análise do mesmo segundo os procedementos establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Corresponde á Comisión Pedagóxica o seguimento da Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as aportacións do Departamento de Orientación.

A avaliación efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.
- Avaliación do plan propiamente dito.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas sesións de avaliación.
 - Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro de Profesorado para o seu coñecemento.
 - Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.
- Si as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.

X. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL

A complexidade do sistema educativo e produtivo pode producir dificultades no alumnado á hora de definir o seu futuro vocacional. En efecto, a incerteza e inestabilidade social e o gran número de alternativas formativas e laborais, implican maiores posibilidades de elección e polo tanto maiores dúbidas e inseguridades, o que pode levar a decisións erróneas. Por este motivo, cada vez é mais importante ofrecer ao alumnado actividades de orientación sistemáticas co obxectivo de facilitar o autoconhecimento, o coñecemento da oferta formativa e laboral, estratexias de toma de decisións e, en definitiva, o desenvolvemento da madurez vocacional, de xeito que se reduzan as decisións pouco meditadas nas eleccións que o alumnado realiza.

A. OBXECTIVOS

A.1. *Obxectivos Referidos ao Alumnado.*

- Estimular a toma de conciencia e valoración das propias aptitudes, intereses, motivacións e factores de personalidade, en relación cos estudos e profesións.
- Espertar actitudes e valores dirixidos á procura de información acerca do sistema educativo e do mundo laboral.
- Coñecer a estrutura do sistema educativo, itinerarios formativos, condicións de acceso e titulacións que se acadan.
- Coñecer a oferta da formación profesional, as condicións de acceso, e as titulacións que se obteñen.
- Desenvolver habilidades e estratexias para a toma de decisións persoais e vocacionais.
- Fomentar o espírito emprendedor e a auto-orientación no seu futuro desenvolvemento profesional.

A.2. *Obxectivos Referidos ao Equipo Docente.*

- Proporcionar estratexias concretas para incorporar a través das distintas áreas contidos vocacionais.
- Asesorar e coordinar aos titores, conxuntamente coa xefatura de estudos, no desempeño da acción orientadora ao longo dos diversos cursos.
- Facilitarlles materiais, recursos, así como estratexias concretas de actuación referidas ao ámbito académico profesional (programas de toma de decisións, programas de orientación ou autoorientación profesional, programas informáticos...).
- Facilitar e promover a actuación doutros axentes orientadores externos (E.O.E., universidades, Servizo Galego de Colocación...)

A.3. *Obxectivos Referidos ás Familias.*

- Implicar ás familias no proceso orientador dos seus fillos, concienciando da importancia do mesmo.
- Informar e asesorar aos pais/nais sobre os itinerarios educativos e as opcións profesionais.

B. CONTIDOS.

Os contidos do programa organízanse arredor de tres núcleos temáticos que se traballarán con diferente nivel de profundidade segundo os cursos:

- Bloque 1: Autocoñecemento e toma de decisións.
- Bloque 2: Coñecemento do sistema educativo.
- Bloque 3: Coñecemento do mundo profesional.

Os bloques de contidos a desenvolver dentro da titoría lectiva na etapa de ESO serán as seguintes (incluídas no Plan de Acción Titorial) e serán desenvoltas polo profesorado titor coa colaboración do orientador e contarán co soporte de materiais de consulta ou auto-orientación publicados na Aula Virtual de Orientación de cada un dos cursos.

<p><u>1º ESO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autocoñecemento ▪ Coñecemos as profesións ▪ Coñecemos como é 2º ESO (materias e optativas)
<p><u>2º ESO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos as profesións ▪ Coñecemos como é 3º ESO (materias e optativas) ▪ Toma de decisións (elección de optativas)
<p><u>3º ESO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemos a Formación Profesional, Bacharelato, Universidade. ▪ Coñecemos 4º ESO. ▪ Toma de decisións (elección de modalidade 4º de ESO)
<p><u>4º ESO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Autocoñecemento. ▪ Coñecemos a Formación Profesional. ▪ Coñecemos o Bacharelato e os graos universitarios. ▪ Toma de decisións (elección estudos post-obrigatorios)

No Bacharelato os contidos a desenvolver serán os que se relacionan a continuación e serán desenvoltos polo orientador mediante sesións informativas e actividades complementarias e extraescolares, de ser o caso, e contarán co soporte de materiais publicados na Aula Virtual de Orientación de cada un dos cursos.

Na Formación Profesional será o profesorado do módulo de FOL o que desenvolverá os contidos (contando coa colaboración do orientador se fose necesario).

BACHARELATO:

- Coñecemento da oferta de graos universitarios.
- Coñecemento do sistema de acceso a Universidade.
- Coñecemento da oferta e acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior, FP Dual e ensinanzas de Réxime Especial.

FORMACIÓN PROFESIONAL:

- Procesos de inserción laboral.
- Coñecemento da oferta e acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior, Cursos de Especialización e/ou outras ensinanzas.

C. ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN POR CURSOS.**1º TRIMESTRE****ESO:**

- Presentación do orientador aos alumnos de ESO e información sobre os diferentes canais de consulta (Edixgal e presencial).
- Autoconecemento. Coñecemos as profesións.

BACHARELATO:

- Presentación do orientador aos alumnos de BAC e información sobre os diferentes canais de consulta (Aula virtual e presencial).
- Sesión informativa Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC 2º BAC.
- Información sobre o acceso ao mundo profesional.

2º TRIMESTRE

- Información sobre as probas de acceso á ciclo medio ao alumnado que cumpra requisitos de acceso.

1º e 2º E.S.O.:

- Desenvolvemento dun programa de orientación, centrado en actividades de autoconecemento, información e asesoramento sobre os posibles itinerarios informativos na E.S.O. , optativas e as súas implicacións para estudos posteriores de BAC e F.P. Esta actividades desenvolveranse no marco das actividades do PAT nas sesións de tutoría.

3º da E.S.O.

- Desenvolvemento do programa de orientación no marco do PAT, centrado en actividades de autoconhecimento (rendemento académico, aptitudes, intereses e preferencias) e en actividades de coñecemento dos posibles itinerarios de 4º da E.S.O. e as súas implicacións; así como nas características e finalidades dos diferentes estudos post-obrigatorios (Formación Profesional, Bacharelato, Estudos Universitarios, Ensinanzas de Réxime Especial,...).

4º da E.S.O.:

- Desenvolvemento do programa de orientación no marco do PAT, centrado en actividades de autoconhecimento (rendemento académico, aptitudes, intereses e preferencias), actividades de coñecemento dos posibles itinerarios formativos unha vez rematada a E.S.O.: Formación Profesional (estrutura e oferta formativa) ou Bacharelato (modalidades e estrutura do bacharelato, acceso á universidade, notas de corte, estrutura dos estudos universitarios...). Ademais traballaranse actividades para desenvolver estratexias de toma de decisións e o deseño de itinerarios formativos.

BACHARELATO:

- Aula Virtual: Coñecemento da oferta e características dos graos universitarios. Acceso á universidade.
- Participación nos Encontros Virtuais que organizan as diferentes universidades de Galicia.
- Información sobre as probas de acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior, ao alumnado que cumpre requisitos.

3º TRIMESTRE

1º e 2º E.S.O.:

- Continuidade do programa de orientación, centrado na información e asesoramento sobre os posibles itinerarios informativos na E.S.O. , optativas e as súas implicacións para estudos posteriores de BAC e F.P.

3º da E.S.O.

- Continuidade do programa de orientación no marco do PAT, centrado en actividades de coñecemento dos posibles itinerarios de 4º da E.S.O. e as súas implicacións así como no asesoramento máis individualizado. Modalidades de Bacharelato e vinculación cos diferentes graos universitarios/FP de Grao Superior.

4º da E.S.O.

- Continuidade do desenvolvemento do programa de orientación no marco do PAT, centrándose na profundización do coñecemento e posibilidades formativas da Formación Profesional (familias profesionais e modalidades de F.P., visualización de vídeos sobre as familias profesionais, proceso de admisión e matrícula,...) e na importancia da axeitada elección da modalidade

de Bacharelato (acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior, acceso á universidade e notas de corte, novas titulacións e modalidades de estudos universitarios,...). Deseño de itinerarios formativos.

- Asesoramento individual, nos caso necesarios, para clarificar as súas expectativas vocacionais futuras.
- Visita ao IES Gregorio Fernández para coñecer a súa oferta de ciclos formativos.

BACHARELATO:

- Sesións informativas sobre a ABAU e sistema de acceso a universidade.
- Sesións informativas sobre a F.P. e os graos universitarios.
- Participación nos Encontros Virtuais que organizan as diferentes universidades de Galicia.
- Aula virtual: ABAU, Graos Universitarios, FP (oferta, modalidades, FP Dual, acceso e admisión,...), Ensinanzas de Réxime Especial,...

D. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

As estratexias para levar a cabo a orientación académico-profesional serán variadas, procurando enmarcalas o máximo posible dentro da actividade ordinaria do centro a través das actividades de titoría, e tamén da infusión curricular. As actividades orientadoras deben trascender da mera información, é dicir, non deben entenderse como situacións pasivas de mera recepción de información por parte dos alumnos e alumnas. Isto implica que as actividades deben estimular e desenvolver a implicación e busca activa de información por parte do alumnado. Entre as estratexias para realizar as actividades orientadoras, salientamos ademais da titoría, das sesións de orientación e do asesoramento individualizado as seguintes:

- Documentación escrita e programas de orientación auto-aplicados.
- Medios audiovisuais e informáticos.
- Infusión curricular de contidos orientadores a través das materias.

○ alumnado contará coa Aula Virtual do Departamento de Orientación no que se publicarán materiais, enlaces de interese, programas de orientación auto-aplicados, noticias e novidades relevantes, etc. Dende dita aula virtual promoverase a participación nos foros e habilitaranse canles de comunicación (mensaxería da aula virtual e correo electrónico).

○ asesoramento individualizado establecerase naquelas casos que o asesoramento xeralizado non fose suficiente, ben por medios telemáticos ou ben de xeito presencial.

E. RECURSOS

Recursos materiais: O Departamento de Orientación existe unha ampla variedade de materiais e informacións de carácter académico que se poñerán a disposición de toda a comunidade educativa, e en particular do profesorado titor para o desenvolvemento das súas accións orientadoras, que xa mencionamos dentro dos recursos para desenvolver o PAT. Priorizarase o uso de materiais en formato dixital.

A Aula Virtual do Departamento de Orientación será canle de difusión de recursos dixitais e materiais de consulta para o alumnado de Bacharelato e Formación Profesional e tamén para o alumnado da ESO. Ditos recursos dixitais e materiais serán:

- Cadernos de Orientación
- Documentos informativos (FP, Universidade,...)
- Vídeos on line
- Presentacións
- Programas auto-aplicados

Recursos humanos: Toda a comunidade educativa debe implicarse na labor orientadora, pero de xeito especial o presente plan será levado a cabo polos titoras e titores e polo departamento de orientación baixo a supervisión da xefatura de estudos.

Cando sexa necesario, colaborarán axentes externos como o especialista en orientación profesional do EOE, profesores da universidade, ...

Recursos organizativos:

O presente plan elaborárase contando coas aportacións e suxerencias da CCP, equipo directivo, titores e o propio alumnado. A elaboración e coordinación do mesmo corresponde ao Departamento de Orientación baixo a supervisión da Xefatura de Estudos.

F. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

A avaliación do Plan de Orientación Académica e Profesional levarase a cabo de maneira continua durante todo o proceso de desenvolvemento, ao longo do curso e tamén ao remate deste na memoria do Departamento de Orientación.

Para a valoración da adecuación das accións que se leven a cabo, utilizaranse os seguintes criterios: a valoración realizada polos alumnos de cada actividade e a valoración dos titores e do propio orientador. Ademais nas reunións do Departamento de Orientación e de titoría por cursos farase un seguimento do plan, corrixindo os posibles desaxustes e modificando o que sexa preciso.

Unha vez rematado o curso e ao remate de cada acción, procederase a realizar unha avaliación de carácter final, a partir da cal se decidirá o mantemento, modificación ou eliminación das propostas e actividades do plan, tendo en conta os seguintes aspectos: o grao de aceptación e participación da comunidade educativa nas accións orientadoras, o cumprimento das accións previstas, a satisfacción dos destinatarios das mesmas. Comunicaranse os resultados a Comisión de Coordinación Pedagóxica e en función dos acordos, incorporaranse as propostas de mellora á memoria final do Departamento de Orientación.

XI. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

A metodoloxía a empregar para levar a cabo estas actuacións tentará en todo momento favorecer un clima de colaboración, diálogo e participación tanto na relación entre o alumnado como entre o profesorado.

O Departamento de Orientación pretende ser unha entidade disposta a colaborar en todo momento con calquera membro da comunidade educativa, favorecendo ó mesmo tempo a actividade de aquel con quen colabora.

Dende o Departamento de Orientación, nas accións emprendidas, procurarase unha metodoloxía que implique tanto á toda a comunidade educativa coma os servizos do contorno, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo. Para acadar isto empregaremos os dous modelos de intervención que de seguido se expoñen:

Modelo de programas, usarase cando se observe unha necesidade e non se produza a demanda esperada, coa intención de adiantarse aos acontecementos e incidir no problema o máis rápido posible. A acción está encamiñada á prevención e ao desenvolvemento, e seguiranse as seguintes fases:

- Análise do contexto
- Detección de necesidades
- Formulación de obxectivos
- Planificación de actividades
- Desenvolvemento do programa
- Avaliación do programa.

O **Modelo de consulta** utilizarase para dar resposta ás demandas manifestadas ou requeridas, coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que todos se sintan implicados. Este modelo aplicarase nas demandas do profesorado ou titoras e titores con respecto ás necesidades individuais ou de grupo. A acción deste modelo articularase ao redor de tres elementos:

- O orientador asume o rol de consultor, que intervirá de forma indirecta co cliente a través do mediador.
- O mediador (titor, profesores, pais, etc) interveñen directamente co cliente, a partir de propostas do orientador.
- O destinatario último recibe unha intervención directa do mediador e indirecta do orientador.

A actuación para o informe-acción deste modelo seguirá os seguintes pasos:

- Definición da consulta a través do informe da situación aportado polo mediador.
- Avaliación de necesidades e recursos, na que colaborarán o orientador e o mediador.
- Proposta de intervención consensuada entre o orientador e o mediador

- Desenvolvemento do programa polo mediador
- Avaliación do programa polo mediador e o orientador.

Así mesmo compre sinalar que unha grande parte das actuacións formuladas inseriranse no desenvolvemento das programacións das distintas áreas e outras a través do Plan de Acción Titorial. Os responsables do desenvolvemento será todo o profesorado, coordinados polo titor/a e estes polo xefe de estudos e o Departamento de Orientación.

Distribución de tarefas.

As tarefas para cada actividade serán distribuídas segundo os sectores e persoas implicados, segundo se especifica no plan de orientación, procurando responsabilizar a cada quen do seu labor na tarefa para unha mellor consecución dos obxectivos. A este efecto procurarase a corresponsabilidade, a cooperación, a coordinación e o traballo en grupo.

Recursos empregados.

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

RECURSOS		
Persoais	Do contexto	Materiais
Profesorado Titoras/es Orientador Profesora especialista PT Profesionais externos	- Centro de Información a Muller (Sarria) - Bordon Sarriao (Centro Municipal de Drogodependencias) - Centro Quérote de Lugo - Universidades (USC, UDC, Uvigo,...) - Profesionais dos centros educativos limítrofes que imparten FP. - Consellería - Familias	- Cuestionarios - Folletos sobre Orientación Profesional, Prevención de Drogas, Educación en Valores,... - Tests e baterías psicopedagóxicas. - Bibliografía de diversos temas. - Material Interactivo - Páxina web do IES - Aula virtual do Departamento de Orientación.

Temporalización.

A programación do tempo especifícase para cada actividade en cada un dos apartados do Plan de Orientación. Nembargantes atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que xurdan ao longo do curso, tendo en conta sempre as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumnos, e moi especialmente as necesidades educativas especiais e a atención á diversidade.

XII. AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Ademais das referidas nas concrecións anuais dos diferentes plans incluídos neste realizarase unha avaliación global do Plan de Orientación do centro, co fin de establecer as medidas correctoras precisas.

Despois das avaliacións do mes de xuño, o Departamento de Orientación realizará unha Memoria nas que se recollerán os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento dos plans e programas de intervención concretos.
- As dificultades atopadas no desenvolvemento dos citados plans.
- A valoración do grao de consecución dos obxectivos.
- As conclusións e propostas de mellora para o vindeiro curso.

Os criterios de avaliación do Plan de Orientación son os seguintes:

- Axuste ás necesidades do propio centro.
- O grao de consecución dos obxectivos previstos, atendendo tanto á eficacia como á eficiencia: recursos empregados, tempo adicado ás actividades, participación.
- A utilidade das accións programadas, o nivel de aplicabilidade do programa, a necesidade ou non de recursos adicionais.
- A implicación da comunidade educativa no deseño e desenvolvemento do plan.

Para esta avaliación utilizaranse dúas fontes de información:

- **Externa:** os órganos de goberno, participación e coordinación e o propio alumnado.
- **Interna:** será realizada nas reunións do departamento de orientación e nas reunións coas titoras e titores.

XIII. MARCO LEGISLATIVO.

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que a modifica (LOMLOE).
- Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, contidos e criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria e do bacharelato.
- Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e de bacharelato na comunidade autónoma de Galicia.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.
 - Decreto 324 / 1996, regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria.
 - Orde do 1 de agosto de 1997, polo que se regulan determinados aspectos do funcionamento dos I.E.S.
 - Circular nº 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na CC.AA. de Galicia.

O Xefe do Departamento de Orientación

Asdo: Jose Regueiro García.

ANEXO. PLAN DE APOIO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

PLAN DE APOIO PROFESORA ESPECIALISTA PEDAGOXÍA TERAPEUTICA

Curso 2022-2023

ÍNDICE DO PLAN DE APOIO PT 2022/2023

1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN	46
2. MARCO NORMATIVO	46
3. CONTEXTUALIZACIÓN	48
3.1. Características do centro	48
3.2. Características do alumnado	49
3.3. Necesidades do alumnado	51
4. OBXECTIVOS XERAIS DA AULA PT	52
5. METODOLOXÍA	52
6. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN NA MODALIDADE PRESENCIAL	53
6.1. Programa de intervención para un alumno con Trastorno do Espectro Autista (TEA)	53
6.1.1. Características	53
6.1.2. Intervención	54
6.2. Programa de intervención para un alumno con dificultades intelectuais e desfase curricular significativo	55
6.2.1. Características	55
6.2.2. Intervención	55
6.3. Programa de intervención para un alumno con desfase curricular	56
6.3.1. Características	56
6.3.2. Intervención	57
6.4. Programa de intervención dunha alumna con desfase curricular significativo	57
6.4.1. Características	57
6.4.2. Intervención	58
6.5. Programa de intervención dunha alumna con descoñecemento das dúas linguas cooficiais de Galicia	59
6.5.1. Características	59
6.5.2. Intervención	59
7. AVALIACIÓN	59

1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN.

A finalidade da elaboración dun Plan de Apoio é proporcionar unha planificación da actividade docente por parte da especialista en pedagogía terapéutica.

Para poder levar a cabo unha intervención axeitada é preciso ter en conta á normativa educativa que afecta aos Institutos de Educación Secundaria, o contexto onde se desenvolve este plan, así como as características e necesidades do alumnado. En función destes aspectos desenvolveranse os programas de intervención, co obxectivo de proporcionar unha atención individualizada que poida abarcar o desenvolvemento integral do alumnado, tendo en conta o seu punto de partida e as súas potencialidades, buscando a funcionalidade e a aplicación das aprendizaxes á vida cotiá.

2. MARCO NORMATIVO.

Partimos da seguinte normativa:

Normativa estatal

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Currículo

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde do 8 de xullo de 2021 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de bacharelato e regula a súa oferta.
- Resolución do 22 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/2023.
- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Diversidade

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Organización

- Decreto 324 / 1996, regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria.
- Orde do 1 de agosto de 1997, polo que se regulan determinados aspectos do funcionamento dos I.E.S.

Orientación

- Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.

3. CONTEXTUALIZACIÓN.

3.1. Características do centro.

Situación

O Centro atópase situado no núcleo urbano da capital do concello de Sarria. É cabeceira da comarca do mesmo nome e formada polos concellos de Sarria, Láncara, Incio, Páramo Paradela, Samos e Triacastela, situándose 31 kms ao sur de Lugo.

Centros adscritos

- CEIP Frei Luís de Granada (Sarria)

- CEIP Eduardo Cela Vila (Triacastela)
- CEIP Ricardo Gasset (O Incio)
- CEIP de Samos

Ensinanzas que oferta o centro

No centro impártense as seguintes ensinanzas: ESO, Bacharelato de Ciencias da Natureza, Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

Características singulares

O centro sitúase nun concello que ten unha poboación, segundo o censo de 2018, de 13.345 habitantes, 6.524 homes, o que representa un 48,89% e 6.821 mulleres, o 51,11%. A poboación inmigrante representa un 9,34%. A poboación en idade escolar representa un 10,85% do total, co cal o relevo xeracional antóllase complicado.

A densidade xeográfica do concello de Sarria é de 74 habitantes/km², unha das máis elevadas da provincia, isto é debido a que a capital do concello é un importante centro comercial, administrativo e de servizos cunha influencia que abarca unha ampla comarca. Os habitantes que se concentran na vila son un 63,54%, fronte a un 36,45%, que se distribúen nos distintos núcleos rurais. A isto debe engadirse que a este centro veñen alumnos e alumnas de Láncara, O Incio, Samos e Triacastela, zonas eminentemente rurais. Por todo o anterior, hai que sinalar que ao redor dun 60% do alumnado vive na vila de Sarria e o resto nas zonas rurais.

No Bacharelato, ao alumnado do propio centro, súmase o dos centros concertados de Sarria que decide seguir estudos no IES Xograr Afonso Gómez.

3.2. Características do alumnado.

Lingua materna dominante

A lingua vehicular e materna do centro é a Lingua Galega. De todo o alumnado que compón o IES Xograr Afonso Gómez, hai un número mínimo de alumnos e alumnas que non teñen ningún coñecemento da lingua.

Alumnado con NEAE no curso actual

ESO	por discapacidade intelectual	1
	por dificultades físico-motoras	1
	por dificultades sensoriais	0
	por trastorno do espectro autista (TEA)	2
	por trastornos graves de conduta	0
	por dificultades específicas de aprendizaxe	30
	por altas capacidades	0
	por trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH)	4
	por incorporación tardía ó sistema educativo	5
	por condicións persoais ou de historia escolar	17
	De entre este alumnado, 4 teñen ACI, 7 cursan en PDC	
BAC	por altas capacidades	2
CMAPSD		

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Casos illados de alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos.

Outras características

Poboación inmigrante: número non relevante de alumnos/as, en xeral ben integrados.

3.3. Necesidades do alumnado.

Coñecendo as características do centro e do alumnado, detéctanse as seguintes necesidades:

Relacionadas co proceso de ensinanza aprendizaxe.

- Necesidade de desenvolver aprendizaxes útiles, funcionais e aplicables á súa vida diaria.
- Necesidade de reforzar as áreas instrumentais, especialmente os aspectos relacionados coa lecto-escritura, operacións aritméticas e lóxica matemática, uso e manexo das moedas e billetes.
- Necesidade de coñecer o uso do ordenador e das distintas plataformas para poder acceder a elas dunha forma efectiva.

Relacionadas co aspecto socio-emocional.

- Desenvolver unha autoestima axeitada.
- Necesidade de coñecer habilidades sociais para poder relacionarse co grupo de iguais e cos adultos do seu contorno.

Relacionados coa autonomía

- Necesidade de aprender estratexias que permitan a maior autonomía posible tanto a nivel académico como persoal.

4. OBXECTIVOS XERAIS DA AULA PT.

Obxectivos xerais	<ul style="list-style-type: none"> •Dinamizar o proceso de integración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE)
	<ul style="list-style-type: none"> •Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que o necesiten.
	<ul style="list-style-type: none"> •Proporcionar o reforzo pedagóxico que o alumnado precise acorde ás necesidades presentadas.
	<ul style="list-style-type: none"> •Favorecer pautas de actuación comúns nas áreas que o alumnado precise apoio.
	<ul style="list-style-type: none"> •Observar e avaliar o progreso do alumno.
	<ul style="list-style-type: none"> •Conseguir que o alumnado con NEAE adquira a formación e capacitación necesarias para que alcance a autonomía para integrarse na dinámica do centro e no entorno social no que se desenvolve.
	<ul style="list-style-type: none"> •Coordinar a miña actuación co orientador e especialmente con todo o profesorado que traballe co alumnado con dificultades, para así garantir unha mellora no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
	<ul style="list-style-type: none"> •Fomentar a participación dos familias e impicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.

5. METODOLOXÍA.

A metodoloxía exporase de forma máis concreta nos distintos programas de intervención, pero de forma xeral podemos dicir que terá as seguintes características:

Metodoloxía	Individualizada.
	Activa, participativa e flexible.
	Partirá dos coñecementos previos do alumnado.
	Baseada na manipulación e experimentación.

6. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN NA MODALIDADE PRESENCIAL.

6.1. Programa de intervención para un alumno con Trastorno do Espectro Autista (TEA).

6.1.1. Características.

Alumno escolarizado en 4º da ESO, presenta TEA con discapacidade intelectual.

A nivel cognitivo

- Dificultades na linguaxe e na comprensión.
- Os seus puntos fortes son a memorización e o vocabulario.

A nivel motor

- Presenta estereotipias de forma ocasional.

Linguaxe oral

- Literal.
- Usa a linguaxe oral para realizar peticións e demandas.

A nivel sensorial

- Presenta hipersensibilidade acústica e dificultades de atención.

Relacións sociais

- Precisa traballar a empatía e a teoría da mente.

Rutinas e intereses

- É flexible aos cambios pero é positivo anticiparllos.
- Presenta interese por vídeos de obxectos que se rompen ou incendian.

Nivel de competencia curricular

- Ten unha Adaptación Curricular Significativa, debido ao gran desfase curricular.

6.1.2. Intervención.

Obxectivos

- Acadar unha maior sociabilidade.
- Incrementar a súa linguaxe oral e intencionalidade comunicativa.
- Desenvolver a súa independencia persoal e social.
- Desenvolver a área cognitiva mediante o incremento da atención, a comprensión de noções espaciais e temporais, de ordes e conceptos básicos
- Aprender a usar o ordenador e acceder as plataformas dispostas polo centro.

Contidos

- Independencia e autonomía persoal
- Habilidades da vida diaria.
- A comunicación
- As emocións
- As habilidades sociais
- As capacidades cognitivas
- Estruturación ambiental.
- Uso do ordenador e das plataformas virtuais.

Actividades

- Estruturación espacial e temporal (marcadores de aula e de tempos): axenda, taboleiro co horario do día...
- Para o desenvolvemento da linguaxe oral: obxectos de interese fóra do alcance, imitación do alumno, tratamento dos sentimentos e condutas problemáticas como comunicación (cando o neno se enfada e non sepa como expresalo usarémolo para transformalo en comunicación compartida, de forma guiada e con apoio visual; por exemplo se se enfada ensinar o pictograma de enfadado acompañado de linguaxe oral, dicindo "estou enfadado")
- As emocións: actividades para o seu recoñecemento, seguindo os distintos niveis (nivel 1 de recoñecemento da expresión facial en fotografías, nivel 2 en debuxos, nivel 3 en situacións, nivel 4 baseadas en desexos e nivel 5 baseadas en crenzas)
- Actividades para o traballo das habilidades sociais: ensinanza de forma explícita e intervención con pares.
- Actividades para o desenvolvemento sensorial a través de libros de texturas, taller de olores, manipulación de plastilina...
- Actividades para o desenvolvemento cognitivo: reforzo da lectoescritura, comprensión lectora, operacións aritméticas, razoamento lóxico-matemático.
- Ensinanza do uso do ordenador: de forma estruturada e con apoio visual.

Metodoloxía

- Baseada na aprendizaxe sen erro.
- Estruturada, planificada e gradada.
- Apoio visual.

6.2. Programa de intervención para un alumno con dificultades intelectuais e desfase curricular significativo.

6.2.1. Características.

Alumno escolarizado en 2º da ESO que presenta dificultades a nivel intelectual e desfase curricular significativo.

A nivel cognitivo.

- Dificultades na comprensión e razoamento.

Lectura

- Axeitada na execución, pero con dificultades de comprensión.

Razoamento lóxico-matemático

- Realiza as operacións aritméticas básicas de suma e resta sen levadas.
- Presenta dificultades nos problemas matemáticos.

Nivel de competencia curricular.

- Ten unha Adaptación Curricular Significativa, debido ao desfase curricular.

6.2.2. Intervención

Obxectivos

- Incrementar a súa autonomía.
- Desenvolver a comprensión lectora e incrementar o seu razoamento lóxico-matemático.
- Desenvolver habilidades sociais para unha mellora nas relacións persoais.
- Ensinar o uso do ordenador e acceder as plataformas dispostas polo centro.

Contidos

- Lectura comprensiva.
- Razoamento lóxico-matemático.
- Planificación de rutinas e hábitos de vida.
- Habilidades da vida diaria e habilidades sociais.
- Uso do ordenador e das plataformas virtuais.

Actividades

- Lecturas sinxelas, de interese para o alumno.
- Actividades para o reforzo das operacións aritméticas, tanto de lapis e papel como manipulativas.
- Actividades para incrementar o razoamento lóxico-matemático.
- Actividades para a aprendizaxe do uso do ordenador, de forma guiada e con apoio visual.

Metodoloxía

- Significativa, baseada na experimentación.
- Uso do rol-playing.
- Gradada...

6.3. Programa de intervención para un alumno con desfase curricular.

6.3.1. Características.

Alumno escolarizado en 1º da ESO, que presenta un desfase curricular significativo.

Lectura

- Axeitada.
- Escaso vocabulario na lingua galega.

Razoamento lóxico-matemático

- Realiza as operacións aritméticas de suma, resta, multiplicación e división.

Nivel de competencia curricular

- Ten unha Adaptación Curricular Significativa, debido ao desfase curricular.

6.3.2. Intervención.

Obxectivos

- Desenvolver a motivación pola lectura e incrementar o seu razoamento lóxico-matemático.
- Diminuír o desfase curricular.
- Ensinar o uso do ordenador e o acceso as plataformas do centro.

Contidos

- Uso do ordenador e das plataformas virtuais.
- Razoamento lóxico-matemático.
- Técnicas de estudo.

Actividades

- Realizaranse actividades para traballar os contidos anteriormente mencionados, intercalando actividades de lapis e papel con outras máis manipulativas.

Metodoloxía

- Significativa, baseada na experimentación.

6.4. Programa de intervención dunha alumna con desfase curricular significativo.

6.4.1. Características.

Alumna escolarizada en 1º da ESO, cun desfase curricular significativo.

Lectura

- Silabeante, dificultades na comprensión.
- Escaso vocabulario na lingua galega.

Razoamento lóxico-matemático

- Realiza as operacións aritméticas de suma e resta. Descoñecemento da multiplicación.

Nivel de competencia curricular

- Ten unha Adaptación Curricular Significativa, debido ao desfase curricular.

6.4.2. Intervención.

Obxectivos

- Desenvolver a comprensión lectora e incrementar o seu razoamento lóxico-matemático.
- Diminuír o desfase curricular.
- Ensinar o uso do ordenador e o acceso as plataformas do centro.

Contidos

- Uso do ordenador e das plataformas virtuais.
- Razoamento lóxico-matemático.
- Técnicas de estudo.

Actividades

- Realizaranse actividades para traballar os contidos anteriormente mencionados, intercalando actividades de lapis e papel con outras máis manipulativas.

Metodoloxía

- Significativa, baseada na experimentación.

6.5. Programa de intervención dunha alumna con descoñecemento das dúas linguas cooficiais de Galicia.

6.4.1. Características.

Alumna escolarizada en 4º da ESO, con descoñecemento das linguas cooficiais de Galicia.

6.5.2. Intervención.

Obxectivos

- Desenvolver unha adquisición do idioma funcional.
- Na medida do posible, adquirir vocabulario propio dos contidos curriculares.

Contidos

- Lingua española: vocabulario, gramática, lecto-escritura, expresión oral...

Actividades

- Realizaranse actividades para traballar os contidos anteriormente mencionados, intentando que sexan funcionais e motivadoras para a alumna.

Metodoloxía

- Significativa e funcional

7. AVALIACIÓN.

Os programas de intervención deben ser constantemente reavaliados para poder saber se estes están logrando acadar os obxectivos propostos, así como introducir os cambios necesarios para que a intervención se adapte as necesidades e evolución do alumnado.

Teremos en conta se as actividades propostas son motivadoras para o alumnado, así como se están adaptadas a súa competencia (nin demasiado sinxelas para non aburrir, nin demasiado difíciles para non desmotivar)

Tamén é necesario avaliar a miña propia función como docente, tendo en conta as interaccións que se establecen co alumnado, sendo sensible ás súas necesidades e circunstancias persoais, respectando o seu

momento evolutivo e téndoo en conta á hora de plantexar as distintas actividades, así como o nivel de esixencia.

Asdo. Elena Pensado Paz

Profesora Especialista en Pedagogía Terapéutica.